- Fomentar a difusión da información epidemiolóxica, tanto a través da elaboración do informe anual epidemiolóxico sobre as ITS na nosa comunidade, da publicación dos indicadores no Observatorio de Saúde Pública de Galicia, como da participación na Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica (RENAVE).

Liña estratéxica 1.2. Vixilancia molecular microbiolóxica

A vixilancia molecular é unha importante ferramenta en saúde pública, tanto para a prevención como para o control das enfermidades infecciosas. A súa importancia radica en que permite ir máis aló do diagnóstico tradicional e achegar información xenética clave para comprender a dinámica das infeccións.

Permite detectar mutacións relevantes, establecer relacións entre casos illados, identificar cadeas de transmisión, ou mesmo xenes de resistencia a antibióticos ou antivirais.

Mediante a Rede de laboratorios para a aplicación de Ómicas á Microbioloxía Clínica en Galicia (OMiC-G), preténdese mellorar a vixilancia molecular dos microorganismos implicados nas ITS.

Obxectivos:

- Fortalecer a capacidade de detección e caracterización molecular dos axentes causantes das ITS para mellorar a resposta en saúde pública.
- Prevenir e controlar a propagación de cepas de alto risco, especialmente aquelas con resistencia antimicrobiana.

Accións:

- Implementar a vixilancia xenómica do VIH para caracterizar os subtipos circulantes, a súa distribución, así como cepas resistentes ao tratamento antirretroviral (TAR).
- Crear e implementar un sistema estable de vixilancia das resistencias aos antimicrobianos nas infeccións de transmisión sexual, integrando a información procedente dos laboratorios de microbioloxía clínica, das unidades asistenciais e dos servizos de saúde pública.
- Consegir a diferenciación microbiolóxica das *Chlamydia trachomatis* L1, L2 e L3.

Liña estratéxica 1.3. Vixilancia dos factores de risco

O principal mecanismo de adquisición dunha ITS son as prácticas sexuais con probabilidade de transmisión e, polo tanto, está relacionado directamente coa conduta das persoas. O comportamento, coñecemento e actitudes da poboación sobre as ITS inflúen na posibilidade de contraer ou transmitir este tipo de infeccións.

Este tipo de información é necesaria para deseñar e implantar unha política de prevención efectiva dirixida a minimizar as prácticas con probabilidades de transmisión das ITS.

Obxectivo:

- Fortalecer a vixilancia epidemiolóxica dos factores de risco asociados ás ITS para orientar intervencións preventivas.

Accións:

- Analizar as prácticas sexuais con probabilidade de transmisión na nosa comunidade e as actitudes e uso de medidas preventivas no referente ás ITS, a través do Sistema de Información de Condutas de Risco de Galicia (SICRI).
- Potenciar a recollida de información na historia clínica sobre as prácticas sexuais con probabilidade de transmisión.

Liña estratéxica 1.4. Outros sistemas de vixilancia

As ITS son un problema de saúde pública cun forte compoñente social, polo que integrar sistemas de vixilancia non sanitarios pode mellorar moito a detección precoz, a prevención e o control.

Obxectivo:

- Ampliar e diversificar as fontes de información para a vixilancia epidemiolóxica das ITS, incorporando sistemas sentinela, análise de datos alternativos e colaboracións comunitarias que permitan identificar tendencias emerxentes, cambios nos patróns de risco e barreiras na prevención.

Accións:

- Traballar coa Rede Galega de Farmacias Sentinela para identificar tendencias de síntomas compatibles con ITS, vendas de produtos relacionados (test rápidos, tratamento empírico, etc.).
- Usar ferramentas de análise de tendencias en redes sociais e en aplicacións de contacto para detectar cambios nos hábitos sexuais ou aumento de condutas de risco.
- Impulsar a colaboración con entidades sociais e comunitarias (ONG, centros Quérote+, asociacións de lesbianas, gays, bisexuais, transexuais, intersexuais, *queer* e outras identidades e orientacións sexuais (LGTBIQ+), etc.) para a achega de infor-

mación sobre prácticas con probabilidades de transmisión, acceso desigual á prevención, estigmas, cambios de comportamento sexual ou novos espazos de risco.

- Fomentar o coñecemento da situación das ITS a través de poboacións sentinela: persoas doadoras de sangue, persoas usuarias das Unidades de Atención ás Drogodependencias (UAD), mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas en situación de prostitución, persoas internas en centros penitenciarios, e outras que poidan ser de interese.

2 Prevención primaria e promoción da saúde sexual

A prevención primaria e a promoción da saúde constitúen a base máis custo-efectiva para reducir a incidencia das ITS e protexer a saúde sexual da poboación.

A prevención primaria actúa antes de que se produza a infección, proporcionando información veraz, facilitando o acceso a métodos de protección eficaces (como preservativos ou vacinas) e fomentando habilidades persoais para tomar decisións seguras. A promoción da saúde sexual vai máis alá da mera prevención, integrando un enfoque positivo e respectuoso da sexualidade, garantindo o dereito ao pracer, á seguridade e á ausencia de discriminación, e implicando á comunidade na creación de contornas que faciliten condutas protectoras.

A implementación de medidas neste ámbito permite reducir a incidencia das ITS e mellorar a equidade en saúde, chegando a poboacións con máis dificultades de acceso.

Liña estratéxica 2.1. Promoción xeral da saúde sexual

A poboación xeral constitúe o foco prioritario das intervencións de saúde pública, xa que activando accións dirixidas globalmente, accedemos tanto ás persoas que se atopan dentro da poboación con maior taxa de prevalencia, como aquelas que quedan fora destes supostos, beneficiando así a todas elas.

Esta liña de acción busca crear un ambiente de coñecemento e acceso universal aos recursos de prevención, promovendo decisións informadas e reducindo o estigma asociado á saúde sexual.

Obxectivos:

- Informar e sensibilizar á poboación sobre a saúde sexual e as prácticas de risco con intervencións educativas, participativas e adaptadas aos diferentes contextos.
- Combater a desinformación e as loidas sobre saúde sexual, especialmente nas redes sociais.
- Aumentar a accesibilidade da cidadanía aos recursos dispoñibles no ámbito da atención sexual-afectiva e da atención ás ITS.

Accións:

- Difundir a través da páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública a información preventiva sobre as ITS, así como de toda a documentación do plan de prevención e control.
- Desenvolver unha canle anónima de consulta que integre un chatbot para amosar información contrastada sobre as ITS, a súa prevención, os recursos dispoñibles en Galicia, a onde dirixirse en cada caso, etc.
- Levar a cabo campañas publicitarias anuais en medios de comunicación e redes sociais para a abordaxe das ITS dende un enfoque positivo e baseado nos dereitos sexuais, que aborde a promoción da saúde sexual e as prácticas protexidas a través do uso do preservativo e das bandas de látex, e que promova a diminución da estigmatización.
- Potenciar o papel dos centros sanitarios na promoción dunha vida sexual sa, promovendo o consello breve sobre saúde sexual nas consultas de AP e elaborando contidos para proxectar nas pantallas das salas de espera dos centros.
- Fomentar o coñecemento, por parte do persoal sanitario, da rede de centros Quérote+ como recurso complementario á súa intervención na promoción da saúde sexual.
- Incluír unha sección sobre promoción da saúde sexual en Sanidade Mediaverso onde se publique contido interactivo e atractivo.

- Elaborar un Mapa de Recursos Activos en Saúde Afectiva Sexual que recolla a todas as entidades sanitarias e comunitarias relacionadas coa atención da saúde sexual (consello, probas, diagnóstico, outras atencións): centros sanitarios, ONG, centros de atención a persoas en contexto de prostitución, organismos LGTBIQ+, rede de centros Quérote+, etc. Publicar os recursos no apartado de Atopa Saúde do Observatorio de Saúde Pública de Galicia.
- Conmemorar anualmente o Día Mundial da Sida, para dar difusión e visibilidade ás ITS na nosa comunidade.

Liña estratéxica 2.2. Prevención das ITS mediante a vacinación

A vacinación é un dos métodos máis eficaces para a prevención das enfermidades infecciosas. En Galicia, o Programa Galego de Vacinación, dispón de vacinas para determinados microorganismos que poden transmitirse pola vía sexual, como son o VPH, o VHB, o VHA, o mpox ou o gonococo¹⁷.

Obxectivos:

- Promover a vacinación dispoñible fronte ás ITS.
- Ampliar a cobertura e o acceso ás vacinas.

Accións:

- Diseñar campañas informativas sobre vacinación dirixidas á poboación xeral e aos grupos con maior prevalencia, con mensaxes adaptadas á idade e ao contexto socio-cultural, promovendo a difusión en redes sociais e plataformas de contactos.
- Aumentar a protección fronte ao VPH nos varóns, incrementando as coberturas e valorando a incorporación de máis grupos de idade.
- Implicar a entidades sociais e comunitarias, como os centros Quérote+ e ONG na difusión de información e derivación para vacinación.

- Establecer protocolos para integrar o consello e/ou a vacinación en consultas específicas de atención especializada, como as consultas de medicina preventiva, de enfermidades infecciosas, de VIH, UAD, etc.

Liña estratéxica 2.3. Protección fronte a transmisión das ITS

A dispoñibilidade e o acceso continuado a materiais preventivos constitúe un dos piares fundamentais na prevención das ITS e na redución de danos asociados a prácticas sexuais e ao consumo de drogas.

Galicia dispón dunha rede de distribución de preservativos e doutros materiais preventivos a través de entidades colaboradoras (Centros Quérote+, concellos, UAD, institucións penitenciarias, ONG, etc.), así como un programa para a redución de danos para PID.

No contexto actual persisten barreiras para o acceso a métodos de protección, entre as que destacan o descoñecemento, a presión da parella ou contorna, a maior oferta de produtos post-exposición, motivos económicos, culturais ou mesmo de falta de confidencialidade.

Obxectivos:

- Ampliar a dispoñibilidade de medios de protección fronte ás ITS.
- Facilitar o acceso aos métodos de protección fronte ás ITS.

Accións:

- Desenvolver unha campaña de comunicación de alto impacto para fomentar o uso do preservativo e as bandas de látex, principalmente na poboación moza.
- Levar a cabo campañas de información sobre espazos nos que atopar métodos de protección gratuítos, como os centros Quérote+, ONG, etc.

- Dotar de dispensadores automáticos de preservativos en lugares estratéxicos (universidades, locais de ocio nocturno, zonas de encontro, centros xuvenís, etc.), que teñan visible, ademais, información sobre recursos onde acudir para recibir asesoramento e información sobre a prevención ou calquera cuestión en materia de saúde sexual.
- Ampliar a rede de distribución de preservativos e doutros materiais de prevención, promovendo puntos accesibles en horario continuado e asegurando a dotación en centros penitenciarios, UAD, entidades que traballen con colectivos de maior vulnerabilidade e en contextos de prostitución, especialmente nos máis vulnerables, como as entidades da Rede Galega contra a trata sexual, entre outras.
- Realizar programas específicos para eventos masivos (festivais, celebración do Día Mundial do Orgullo, etc.).
- Distribuír preservativos nos centros de ocio nocturno como pubs ou discotecas.
- Mellorar a información e acceso á profilaxe preexposición (PrEP) e á profilaxe post-exposición (PPE) para a prevención do VIH en colaboración cos servizos asistenciais.
- Continuar cos programas de redución de danos para a entrega e recollida de paquetes de inxección hixiénica.
- Convocar periodicamente subvencións para proxectos de saúde pública no campo do VIH que inclúan actividades sociosanitarias.

Liña estratéxica 2.4. Prevención en ámbitos específicos

Existen factores que incrementan o risco de transmitir ou contraer unha ITS como é o coñecemento parcial sobre as ITS e as súa prevención, o uso irregular de métodos de barreira, as prácticas sexuais sen protección de maneira frecuente, o consumo de sustancias, os contextos de chemsex, cuestións culturais ou idiomáticas que dificultan o acceso á información e aos recursos, etc.

Espazos como centros educativos, universidades, lugares de ocio nocturno, recursos comunitarios, contornas sanitarias especializadas ou ámbitos penitenciarios, presentan características e dinámicas propias que condicionan o risco e as posibilidades de acceso á información e aos recursos preventivos. Polo que é preciso adaptar as intervencións a ámbitos específicos nos que se desenvolven determinadas prácticas, ou nos que existen oportunidades clave para intervenir na prevención das ITS.

A abordaxe por ámbitos específicos garante:

- Adaptación cultural e lingüística das mensaxes.
- Aproveitamento de canles de comunicación propias de cada contexto.
- Maior cobertura en colectivos que non acceden habitualmente aos servizos sanitarios.
- Incremento da eficacia das accións preventivas mediante intervencións máis personalizadas.

Obxectivos:

- Reducir a transmisión das ITS mediante intervencións adaptadas ás características e necesidades de cada ámbito, fomentando a educación afectivo-sexual.
- Diminuír as desigualdades en saúde relacionadas coa saúde sexual.

Accións:

- Ampliar as intervencións no ámbito educativo, mellorando a metodoloxía aplicada e estendendo o Plan Proxecta "Xente con don" a máis centros, así como desenvolvendo accións formativas dirixidas ás familias coa colaboración das Asociacións de Nais e Pais de Alumnado (ANPA) e dos concellos.
- Desenvolver unha estratexia de intervención nas universidades galegas, residencias xuvenís e espazos xoves para a realización de campañas específicas de prevención das ITS.
- Deseñar campañas multilingües e interculturais para chegar a poboacións migrantes ou con barreiras lingüísticas.
- Empregar as redes sociais e aplicacións de contacto máis actuais para a difusión de información veraz e contidos específicos para cada contexto (persoas mozas, colectivos LGTBIQ+).
- Desenvolver intervencións grupais coa poboación adolescente para promover a saúde sexual cunha metodoloxía participativa e de fomento de habilidades comunicativas e comportamentais, dentro das accións de intervención comunitaria de matronas e do resto do persoal de enfermería.

- Establecer actividades conxuntas coas consellerías con competencias en materia de igualdade e xuventude, que dispoñen de recursos e centros onde levan a cabo actividades dirixidas especificamente á mocidade e ao colectivo LGTBIQ+. Un dos recursos que desenvolven accións neste eido son os centros Quérote+ da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade.
- Diseñar unha campaña específica de prevención do *chemsex*.
- Colaborar coas entidades sociais e comunitarias no deseño de programas de intervención e na dotación de liñas de subvención para a abordaxe das ITS en grupos de especial incidencia e/ou vulnerabilidade: persoas con prácticas sexuais con probabilidade de transmisión, persoas en risco de exclusión social, PID, PEP, etc.
- Garantir a aplicación do protocolo de acceso ao sistema sanitario galego das persoas en situación de exclusión social ou irregular que sospeiten ou sexan diagnosticadas de infección polo VIH ou doutras ITS.
- Establecer un programa conxunto de abordaxe integral das ITS nas persoas privadas de liberdade coas institucións penitenciarias.

3 Prevención secundaria: detección das ITS

Diagnosticar a presenza dunha ITS dunha forma precoz, permite tratar a infección e evitar complicacións posteriores así como minimizar a súa transmisión durante as prácticas sexuais. A implantación de estratexias proactivas de cribado das ITS é de especial relevancia porque, na maioría das ocasións, estas infeccións cursan de maneira asintomática ou subclínica durante períodos longos de tempo¹⁸.

Existen barreiras que dificultan o acceso ao diagnóstico precoz a nivel individual, médico e institucional. A nivel individual atópanse: a falta de percepción de risco, o descoñecemento sobre a sintomatoloxía, a relativa frecuencia de infeccións asintomáticas ou con síntomas inespecíficos, o estigma e a discriminación percibida, o medo aos xuízos que xeran culpabilidade ou non saber como e onde facer a proba. A nivel médico están a falta de adestramento para promover a realización da proba e as dificultades de abordar temas relacionados con prácticas sexuais. A nivel institucional inclúense as dificultades de acceso ao sistema sanitario e as barreiras lingüísticas e culturais en persoas inmigrantes¹⁹⁻²².

Liña estratéxica 3.1. Diagnóstico precoz no ámbito sanitario

Existen estratexias que xa se están levando a cabo en Galicia para a detección precoz do VIH e da hepatitis C, no ámbito sanitario:

- Indicacións para a proba do VIH no documento *Recomendacións para o diagnóstico precoz do VIH en Galicia 2017* en centros sanitarios e comunitarios²³.
- Urxencias ViHxía: Programa oportunista de cribado do VIH nos servizos de urxencias, en colaboración coa *Sociedad Española de Medicina de Urgencias y Emergencias (SEMES)* e a súa delegación galega SEMES – GALICIA²⁴.
- Cribado etario oportunista de hepatitis C, no marco da Estratexia para a eliminación da hepatitis C como problema de saúde pública en Galicia¹⁶.

Cómpre revisar as recomendacións e aproveitar a experiencia nos programas de cribado existentes para amplialos a outras enfermidades.

Obxectivos:

- Protocolizar a detección das ITS no entorno sanitario.
- Aumentar a detección precoz das ITS e diminuír o diagnóstico tardío.

Accións:

- Potenciar a abordaxe proactiva na consulta, incorporando preguntas sobre saúde sexual e prácticas con probabilidades de transmisión na anamnese de rutina.
- Fomentar a realización de probas de ITS como parte da atención de rutina en saúde sexual, especialmente en persoas con prácticas con probabilidades de transmisión e en mulleres embarazadas.
- Levar a cabo o estudo de contactos dos casos confirmados de ITS.
- Elaborar un protocolo de *Recomendacións para o diagnóstico precoz das ITS*, que ademais de recoller as existentes en VIH aborde o resto das ITS para fomentar o diagnóstico no sistema sanitario galego.
- Optimizar o programa Urxencias ViHxía coa extensión para a detección da hepatitis C, a ampliación de situacións de risco e a mellora tecnolóxica de procesos (automatización de perfís analíticos e alertas na triaxe previa de sospeita por parte do persoal de enfermería).
- Implementar un cribado etario oportunista do VIH en todas as áreas sanitarias para a poboación de 20 a 50 anos.
- Valorar a extensión do cribado etario oportunista da hepatitis C a outras franxas etarias ou colectivos de interese.
- Empregar modelos predictivos para a identificación de persoas en risco de padecer a infección polo VIH ou outras ITS baseados na información sanitaria rexistrada.

Liña estratéxica 3.2. Diagnóstico precoz fóra do ámbito sanitario

Como xa se comentou, existen barreiras que dificultan a detección no ámbito sanitario, polo que é preciso achegar o máximo posible a realización das probas a outras contornas comunitarias e mesmo, á poboación en xeral.

En Galicia xa se ven traballando con diversas entidades, facilitándolle probas rápidas así como outras materias de prevención para as poboacións de maior vulnerabilidade. Por outra banda pilotouse o programa VIXHÍA MÓBIL en zonas de ocio, co obxecto de facer chegar á mocidade a realización de probas rápidas así como a promoción das prácticas sexuais máis seguras.

Dado o estigma que se crea coas ITS hai outras iniciativas que garanten o anonimato e están a ter éxito, como a habilitación da autotoma a domicilio que se leva a cabo en Londres.

Obxectivos:

- Previr as ITS na contorna social e comunitaria.
- Facilitar o acceso ás probas de detección das ITS.
- Promover o uso de probas rápidas en determinados ámbitos específicos.

Accións:

- Dotar de probas rápidas de VIH e VHC a entidades sociais e comunitarias, para aumentar o acceso á detección das ITS.
- Realizar campañas específicas a través de *apps* de contactos sexuais, redes sociais e espazos xuvenís, para fomentar a detección das ITS, tendo en conta o perfil das persoas con diagnóstico tardío.
- Estender o programa VIXHÍA MÓBIL para acceder a máis zonas de ocio e facilitar a detección precoz das ITS así como a difusión de información e material preventivo na poboación moza.
- Promover o diagnóstico precoz das ITS potenciando os cribados e novas estratexias de cribado, como a autotoma domiciliaria.

4 Diagnóstico e tratamento das ITS

O acceso á asistencia sanitaria e ao tratamento da infección polo VIH atópase garantida na Comunidade Autónoma de Galicia polo que, neste senso, trátase de facilitar o acceso ao sistema sanitario das persoas máis vulnerables, reducindo as barreiras burocráticas a través de entidades sociais de axuda.

Liña estratéxica 4.1. Accesibilidade ao diagnóstico e á atención sanitaria

Existen diferentes vías de acceso que fan posible recibir a asistencia sanitaria de maneira universal.

A AP, polas súas características, ten un papel clave na prevención de novos casos de ITS. É un punto clave de acceso ás persoas con prácticas con probabilidades de transmisión das ITS e resulta un lugar idóneo para realizar educación para a saúde que promova as prácticas sexuais máis seguras, o diagnóstico precoz e a loita contra o estigma e a discriminación das persoas afectadas.

Actualmente, a atención hospitalaria asume a maior parte da carga asistencial sanitaria das persoas diagnosticadas de infección polo VIH ou sida. Nos hospitais das sete áreas sanitarias (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense) existen consultas especializadas nesta patoloxía con persoal médico e de enfermería.

Algunhas persoas descoñecen que existe unha infraestrutura social de apoio e as vías de acceso a ela, o que dificulta que se poidan beneficiar destes servizos. Os recursos socioeconómicos dispoñibles en Galicia inclúen servizos sociais e prestacións económicas. Para facilitar o acceso a estes servizos é fundamental o traballo das entidades sen ánimo de lucro que colaboran co plan.

As liñas estratéxicas a seguir para asegurar unha correcta asistencia sanitaria e social das persoas infectadas polo VIH ou con outras ITS deben prever os seguintes aspectos:

- Cobertura universal do sistema sanitario e social das persoas cunha ITS.
- Os servizos sanitarios e sociais deben responder ás necesidades das persoas afectadas mellorando a súa saúde e benestar. Terase en conta na asistencia sanitaria a particularidade de que moitos pacientes teñen necesidades de intervención psicolóxica e doutos problemas de saúde relacionados coa fragilidade, co envellecemento e coa senilidade.
- Promoción da vacinación segundo os protocolos.

Obxectivos:

- Acadar os obxectivos da estratexia 95-95-95 de ONUSIDA e 95 de calidade de vida das persoas que viven co VIH.
- Facilitar o acceso á asistencia sanitaria das persoas afectadas.

Actividades:

- Establecer os mecanismos organizativos asistenciais para unha atención integral que permita aos/ás pacientes mellorar a súa calidade de vida.
- Difundir información sobre as vías de acceso ao sistema sanitario entre o persoal dos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde e o persoal das entidades que colaboran na loita anti-VIH e outras ITS.
- Actualizar a formación do persoal sanitario para promover unha atención sanitaria e social de calidade, que inclúa a perspectiva de xénero e da diversidade, e garantir a máxima confidencialidade e o respecto dos dereitos das persoas afectadas.

Liña estratéxica 4.2. Tratamento

A xestión integrada das ITS, que debe incluír o diagnóstico precoz e o tratamento correcto das coinfeccións, de acordo coas directrices vixentes, son elementos claves na prevención e control destas infeccións.

Obxectivos:

- Acadar os obxectivos da estratexia 95-95-95 de ONUSIDA e 95 de calidade de vida das persoas que viven co VIH.
- Fomentar o diagnóstico e tratamento precoces do VIH e doutras ITS.

Actividade:

- Asegurar que os tratamentos fronte ao VIH, VHC e demais ITS sigan os consensos nacionais e internacionais e as estratexias terapéuticas establecidas polos organismos sanitarios competentes, así como pola Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica.
- Reforzar a coordinación para a derivación, o tratamento e seguimento dos e das pacientes entre as unidades de VIH con AP, institucións penitenciarias e servizos sociosanitarios.
- Impulsar a monitorización da adherencia ao tratamento e aos seguimentos.
- Conseguir que todas as persoas diagnosticadas de VIH reciban o tratamento anti-retroviral.
- Conseguir que as PVVIH en tratamento antirretroviral alcancen a supresión viral.

5 Calidade de vida e inclusión social das persoas que viven co VIH

Liña estratéxica 5.1. Calidade de vida das persoas que viven co VIH

As PVVIH afrontan un diagnóstico que pode ter repercusións emocionais (ansiedade, depresión) relacionadas coas posibles consecuencias físicas e sociais que a enfermidade carrega, afectando tamén as súas parellas. A información e o trato profesional por parte do persoal sanitario e a confianza das persoas afectadas con este persoal reduce en gran medida estas alteracións emocionais, mellora a adherencia ao tratamento e consecuentemente a súa calidade de vida; ademais, favorece a súa implicación na loita contra a transmisión da infección. As organizacións de pacientes, a educación comunitaria e o apoio entre iguais son importantes no proceso de aprendizaxe no inicio da TAR²⁵.

As estratexias que se vaian desenvolver nestas persoas deben prever:

- Protocolos de atención á fragilidade, á senilidade, a outras patoloxías concomitantes e, especialmente, ás relacionadas coa saúde mental das PVVIH.
- Mellorar a calidade de vida das PVVIH, incluíndo a promoción do respecto, a protección e a garantía dos seus dereitos, e a loita contra o estigma e a discriminación.
- Fomento da adopción de prácticas seguras para evitar coinfeccións.
- Promoción do acompañamento emocional ás PVVIH para favorecer o benestar integral.

Obxectivo:

- Mellorar a esperanza e a calidade de vida das persoas que viven co VIH.

Actividades:

- Elaborar protocolos e estudos sobre a calidade de vida das PVVIH.
- Difundir información sobre o acceso ao sistema sanitario galego das persoas en situación de exclusión social ou irregular que sospeiten ou sexan diagnosticadas de infección polo VIH ou outra ITS.
- Promover un estilo de vida saudable e utilizar a web Xanela aberta á familia e a plataforma Sanidade Mediaverso como ferramentas de apoio.
- Colaborar coas ONG para favorecer o apoio e o acceso ao sistema sanitario e social galego das persoas con infección polo VIH en situación de exclusión social ou irregular, fomentando especialmente as actividades realizadas por pares.
- Fomentar o cumprimento do calendario de vacinas recomendado para as PVVIH.

Liña estratéxica 5.2. Redución do estigma

A resposta mundial á epidemia da sida achegounos importantes leccións en materia de valor, dignidade, inclusión e participación. Ensinounos tamén que debemos converter a discriminación e a negación en protección e aceptación, para que a sociedade poida chegar ás persoas desatendidas. Deste xeito, estas persoas poderán acceder aos servizos sanitarios e sociais e levar unha vida digna e produtiva, o que contribúe a unha maior seguridade humana e desenvolvemento global²⁶.

As liñas estratéxicas para diminuír ou eliminar o estigma e a discriminación das persoas infectadas polo VIH ou con outras ITS deben recoller os seguintes aspectos:

- Loitar contra todas as situacións de discriminación para promover a inclusión das PVVIH en todos os eidos da sociedade.
- Mellorar a información na poboación xeral facendo fincapé en desbancar falsas crenzas sobre estas infeccións.
- Reforzar as intervencións educativas nas persoas que mostran maiores condutas de evitación dun potencial contacto cunha persoa co VIH.

Obxectivos:

- Normalizar a vida das persoas infectadas polo VIH na nosa sociedade.
- Sensibilizar sobre a importancia do respecto dos dereitos das PVVIH.
- Capacitar as persoas infectadas polo VIH para que non se produza autoexclusión, fomentando habilidades que axuden a afrontar os efectos dos prexuízos e do estigma.

Actividades:

- Difundir información para eliminar as falsas crenzas sobre a transmisión social das ITS, sensibilizar sobre o dano que produce o estigma e a discriminación e promover o respecto dos seus dereitos.
- Actualizar a formación do persoal sociosanitario do Servizo Galego de Saúde, do persoal dos centros Quérote+ e das ONG para promover o respecto dos dereitos das PVVIH.
- Colaborar cos centros Quérote+, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro, en campañas para a promoción da calidade de vida e o benestar integral das PVVIH, e de loita contra o estigma e a discriminación.
- Promover unha linguaxe non estigmatizadora, centrada no coidado e na responsabilidade compartida.



6 Formación e investigación

A xestión do coñecemento en materia de ITS é fundamental para fortalecer as capacidades técnicas e científicas dos e das profesionais da saúde e actores comunitarios para a prevención, vixilancia e control destas enfermidades, fomentando a xeración e aplicación de evidencia científica.

En todas estas accións engadirase a perspectiva de xénero e diversidade.

Liña estratéxica 6.1. Formación en ITS do persoal sanitario e sociosanitario

Obxectivo:

- Garantir a capacitación continua e actualizada dos equipos asistenciais, socio-sanitarios e de saúde pública en ITS.

Actividades:

- Diseñar un plan do itinerario formativo acreditado sobre ITS, a través da Escola Galega de Saúde Pública, adaptado aos diferentes perfís profesionais (sanitarios, sociosanitarios, persoal comunitario e de organizacións sen ánimo de lucro, e estudantes de ciencias da saúde).
- Desenvolver actividades formativas (xornadas, talleres, etc.) que recollan as distintas actualizacións das guías clínicas, os protocolos de cribado e diagnóstico diferencial, as resistencias aos antibióticos ou a abordaxe integral dos e das pacientes con ITS e os seus contactos.

- Formalizar unha liña formativa específica sobre *chemsex* así como a valoración da saúde mental das poboacións clave.

Liña estratéxica 6.2. Formación en saúde pública e comunitaria do persoal sanitario e sociosanitario

Obxectivo:

- Capacitar os/as profesionais en prevención comunitaria, vixilancia epidemiolóxica e control das ITS.

Actividades:

- Desenvolver cursos e talleres que aborden as estratexias de educación sexual adaptadas ás poboacións clave, os sistemas de notificacións das ITS, a identificación de gromos e a activación de respostas rápidas.
- Formar sobre os determinantes sociais e culturais nas ITS en colaboración co tecido comunitario: abordaxe do estigma e da discriminación, adaptación cultural das intervencións preventivas, etc.
- Diseñar un plan do itinerario formativo acreditado sobre ITS, a través da Escola Galega de Saúde Pública, adaptado aos diferentes perfís profesionais (sanitarios, sociosanitarios, persoal comunitario e de organizacións sen ánimo de lucro e estudantes de ciencias da saúde).

Liña estratéxica 6.3. Formación intersectorial en ITS

Obxectivo:

- Unificar a capacitación de todos os axentes que interveñen na abordaxe das ITS, para mellorar a súa prevención, detección e manexo dende un enfoque integral de saúde pública.

Actividades:

- Realizar programas formativos, mesas de traballo e foros interdisciplinares conxuntos con contido enfocado na prevención das ITS, comunicación efectiva e redución do estigma.
- Desenvolver protocolos e guías adaptados aos diferentes sectores (educación, organizacións sen ánimo de lucro, terceiro sector, etc.).
- Impulsar a formación específica do persoal monitor, dos/das técnicos/as de xuventude, das persoas responsables das residencias xuvenís e dos/das titores/as das entidades de acollida de voluntariado europeo, co fin de capacitalos/as como mediadores/as xuvenís en saúde sexual, referentes de confianza nos espazos xuvenís e axentes activos na promoción de condutas sexuais responsables e na prevención das ITS.

Liña estratéxica 6.4. Investigación

Obxectivo:

- Promover a investigación epidemiolóxica, clínica e social sobre as ITS, incluíndo as resistencias aos antibióticos.

Actividades:

- Impulsar redes colaborativas para o intercambio de coñecementos e boas prácticas na abordaxe das ITS.
- Fomentar a investigación traslacional en ITS, favorecendo a transferencia dos resultados de investigación ás políticas de saúde pública e protocolos asistenciais.
- Implantar unha liña de investigación específica sobre vixilancia epidemiolóxica avanzada en ITS (estudos de incidencia e prevalencia en tempo real, monitorización de tendencias, resistencias a antibióticos, aparición de novos patóxenos e a súa secuenciación microbiolóxica, etc.).
- Desenvolver estudos de microbioloxía clínica que faciliten a implantación de programas de detección precoz do VIH e das ITS, así como a súa caracterización.
- Diseñar enquisas e estudos de investigación cualitativa con grupos focais que permitan detectar as barreiras no acceso ao diagnóstico e tratamento, a avaliación do impacto do estigma social na busca de atención, os determinantes sociais, conductuais e de saúde nas prácticas sexuais con probabilidade de transmisión, etc.
- Convocar anualmente premios de investigación no eido das ITS.

7 Comunicación interna e externa

Un plan de comunicación debe ser o marco que encadre e coordine as diferentes accións de comunicación (interna e externa) dunha organización. É dicir, débese planificar que información se vai transmitir, en que momento, quen será quen emita a mensaxe e quen a reciba e, polo tanto, a canle máis doada en cada situación.

No que respecta ás ITS é fundamental dispoñer que a nosa organización se comunique entre si, pero tamén que comunique as mensaxes clave ao exterior e de xeito coordinado con outras entidades ou colectivos.

Liña estratéxica 7.1. Comunicación interna

Obxectivo:

- Fortalecer a capacidade dos e das profesionais da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde como axentes activos para a prevención das ITS, unificando o coñecemento e a linguaxe institucional sobre elas.

Actividades:

- Elaborar e difundir un manual interno de mensaxes clave e protocolos de actuación.
- Crear un repositorio dixital no Observatorio Galego de Saúde Pública con materiais de apoio e actualizacións de protocolos sobre ITS.
- Realizar talleres sobre comunicación efectiva para o trato sen estigma.
- Elaborar e difundir boletíns con datos epidemiolóxicos actualizados e casos de éxito.

Liña estratéxica 7.2. Comunicación externa

Obxectivo:

- Informar e sensibilizar a comunidade xeral e as poboacións clave (mocidade, HSH, inmigrantes, etc.) sobre prevención, diagnóstico e tratamento das ITS, fomentando condutas sexuais responsables e reducindo o estigma social.

Actividades:

- Diseñar campañas de comunicación multimedia adaptadas ás distintas poboacións clave e con mensaxes claras e visuais.
- Diseñar unha campaña de comunicación dixital: redes sociais, páxinas webs, canles de *WhatsApp* e aplicacións de interese.
- Fortalecer a sinerxía coas oficinas de farmacia comunitaria e coa rede de centros Quérote+ e impulsar novas vías de colaboración.
- Elaborar e distribuír material impreso en centros de saúde, hospitais, escolas, rede de centros Quérote+, na rede de espazos xoves, residencias xuvenís e espazos comunitarios.
- Elaborar e difundir vídeos curtos sobre prevención, diagnóstico e tratamento das ITS.
- Establecer alianzas estratéxicas con ONG, asociacións e líderes comunitarios así como con *influencers*.
- Informar sobre prevención, diagnóstico e tratamento en eventos comunitarios, feiras de saúde, eventos xuvenís, espazos de igualdade, espazos xoves, residencias xuvenís, ocio nocturno, etc.
- Definir campañas de probas rápidas e publicar mapas cos puntos onde se pode realizar a proba.

- Dispoñer de puntos móbiles de información sobre ITS e realización de probas rápidas en toda a Comunidade Autónoma.
- Organizar certames de creatividade nos centros educativos, residencias xuvenís e espazos xoves (vídeos, memes, debuxos, *podcasts*, *slogans*) que promovan mensaxes positivas sobre a saúde sexual e reduzan o estigma.

8 Innovación

Dentro deste eixe preténdese promover a innovación tecnolóxica, organizativa e social na prevención, diagnóstico, tratamento e vixilancia das ITS para reducir a incidencia, mellorar a detección precoz e optimizar a resposta asistencial.

Liña estratéxica 8.1. Innovación en diagnóstico e vixilancia

Obxectivo:

- Utilizar a innovación tecnolóxica para mellorar a vixilancia e o diagnóstico das ITS.

Actividades:

- Desenvolver e implantar plataformas tecnolóxicas de vixilancia activa das ITS.
- Desenvolver aplicacións e plataformas seguras para a notificación anónima dos casos e dos seus contactos estreitos.
- Explorar solucións de intelixencia artificial para a detección de gromos, patróns de transmisión, busca de casos perdidos no sistema sanitario e posibles novos casos.
- Crear un rexistro unificado de ITS e resistencias a fármacos.
- Ofertar probas de distintas ITS para a súa realización de xeito domiciliario nas poboacións de maior incidencia.

Liña estratéxica 8.2. Innovación organizativa

Obxectivo:

- Optimizar a organización e coordinación do sistema sanitario e comunitario para garantir unha atención integral e dixitalmente avanzada nos procesos que integran a prevención, diagnóstico e tratamento das ITS.

Actividades:

- Diseñar protocolos integrados entre saúde sexual, VIH e saúde mental.
- Incorporar solucións tecnolóxicas (TELEA) para consultas sobre saúde sexual e seguimento dos casos.
- Establecer redes de derivación rápida entre os servizos de saúde e outros axentes sanitarios (oficinas de farmacia) e non sanitarios (ONG) para o diagnóstico precoz.
- Avaliar novos modelos "*test and treat*" a nivel comunitario.
- Incorporar a perspectiva de xénero e diversidade nos circuitos asistenciais.

Liña estratéxica 8.3. Innovación comunitaria e social

Obxectivo:

- Fomentar a implicación activa da comunidade e a participación da cidadanía na prevención, detección precoz e redución do estigma asociado ás ITS, mediante enfoques colaborativos, dixitais e baseados na evidencia científica.

Actividades:

- Diseñar intervencións coa mocidade, colectivos LGTBIQ+, inmigrantes e asociacións comunitarias.
- Incorporar a innovación dixital: redes sociais, *podcast*, vídeos interactivos, *chatbots*, etc.
- Crear laboratorios de cidadáns ou espazos de innovación social en saúde sexual.
- Desenvolver *chatbots* ou aplicacións que informen sobre as ITS e a súa prevención, así como que faciliten a derivación aos centros sanitarios.

9 Organización do plan

Liña estratéxica 9.1. Coordinación e liderado do plan

As actividades de loita contra as ITS desenvólvenas diversas entidades a nivel internacional, nacional, autonómico e local, que traballan en diferentes eidos como o sanitario, social, educativo, xuvenil ou asociativo, nos que se atopan equipos de profesionais multidisciplinares. A coordinación dos esforzos de todas as entidades e profesionais involucrados é un labor complexo, pero necesario para acadar unha resposta efectiva e eficiente contra estas infeccións.

A coordinación e liderado do plan corresponde á Dirección Xeral de Saúde Pública (Consellería de Sanidade - Xunta de Galicia), quen realiza o seguimento da situación epidemiolóxica e coordina e promove as políticas de control sobre estas infeccións. Para o asesoramento das diferentes políticas sanitarias referidas ao control destas infeccións conta con organismos como a Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte á Infección polo VIH/sida e Outras Infeccións de Transmisión Sexual (CVIHITS).

A Orde do 18 de novembro de 2014 regula a composición e o funcionamento desta Comisión, que é o órgano encargado da consulta e avaliación do seguimento epidemiolóxico e planificación das medidas e accións sanitarias que se deben desenvolver no eido das ITS^{27,28}. Esta Comisión foi modificada pola Orde do 29 de maio de 2015²⁹.

Este plan coordínase cos plans das demais CCAA no marco do *Plan Estratégico para la prevención y control de la infección por el VIH y las ITS en España. 2021-2030*⁹.

Obxectivos:

- Promover e coordinar as actividades das entidades involucradas na prevención e control das ITS.
- Mellorar a eficacia e a eficiencia da loita contra as ITS.

Actividades:

- Elaborar iniciativas e propostas de políticas de control das ITS.
- Convocar reunións da CVIHITS cando se estime necesario.
- Avaliar e actualizar o Plan SexSan. Plan galego de infeccións de transmisión sexual e VIH 2026-2030.
- Elaborar e publicar periodicamente os resultados do plan.



8. Orzamento

Para garantir o desenvolvemento de todos os eixes e as correspondentes liñas estratéxicas do Plan SexSan estímase, a continuación, o orzamento necesario desagregado por anos (táboa 3), que se obterá dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia durante o período de vixencia do plan.

	2026	2027	2028	2029	2030	Total
EIXE 1. Vixilancia epidemiolóxica	60.000,00 €	60.000,00 €	60.000,00 €	60.000,00 €	60.000,00 €	300.000,00 €
EIXE 2. Prevenção primaria e promoción da saúde sexual	2.625.142,87 €	2.625.142,87 €	2.625.142,87 €	2.625.142,87 €	2.625.142,87 €	13.125.714,35 €
EIXE 3. Prevenção secundaria: detección das ITS	758.364,75 €	758.364,75 €	758.364,75 €	758.364,75 €	758.364,75 €	3.791.823,75 €
EIXE 4. Diagnóstico e tratamento das ITS*	33.457.897,00 €	34.461.633,91 €	35.495.482,93 €	36.560.347,42 €	37.657.157,84 €	177.632.519,10 €
EIXES 5 e 6. Calidade de vida, formación e investigación	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	50.000,00 €
EIXES 7, 8 e 9. Comunicación, innovación e organización do plan	30.000,00 €	30.000,00 €	30.000,00 €	30.000,00 €	30.000,00 €	150.000,00 €
Total	36.941.404,62 €	37.945.141,53 €	38.978.990,55 €	40.043.855,04 €	41.140.665,46 €	195.050.057,20 €

Táboa 3. Estimación económica para o desenvolvemento do Plan SexSan 2026-2030.



* Aumento do 3% anual en estimación de tratamentos e profilaxe.



9. Indicadores

EIXE 1. Vixilancia epidemiolóxica

Indicador 1.1	Informe sobre as ITS en Galicia
Descrición	Elaboración e publicación dun informe sobre a situación epidemiolóxica das ITS en Galicia
Fórmula	-
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública
Obxectivo	Un informe publicado ao ano

Indicador 1.2	Incidenia anual de novos diagnósticos de infección polo VIH
Descrición	Número de casos novos diagnosticados de infección polo VIH por cada 10 ⁵ habitantes
Fórmula	$(\text{Núm. de casos novos diagnosticados de infección polo VIH} / \text{Núm. de habitantes}) \cdot 10^5$
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública e IGE
Obxectivo	Reducir a incidencia, polo menos, un 5 % por termo medio anual

Indicador 1.3 Incidencia anual de sífilis

Descrición	Número de casos novos de sífilis por cada 10 ⁵ habitantes
Fórmula	$(\text{Núm. de casos novos de sífilis} / \text{Núm. de habitantes}) \times 10^5$
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública e IGE
Obxectivo	Reducir a incidencia, polo menos, un 5 % por termo medio anual

Indicador 1.4 Incidencia anual de gonococia

Descrición	Número de casos novos de gonococia por cada 10 ⁵ habitantes
Fórmula	$(\text{Núm. de casos novos de gonococia} / \text{Núm. de habitantes}) \times 10^5$
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública e IGE
Obxectivo	Reducir a incidencia, polo menos, un 5 % por termo medio anual

Indicador 1.5 Incidencia anual de clamidíase

Descrición	Número de casos novos de clamidíase por cada 10 ⁵ habitantes
Fórmula	$(\text{Núm. de casos novos de clamidíase} / \text{Núm. de habitantes}) \times 10^5$
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública e IGE
Obxectivo	Reducir a incidencia, polo menos, un 5 % por termo medio anual

Indicador 1.6 Vixilancia xenómica do VIH

Descrición	Porcentaxe anual de novos diagnósticos de VIH caracterizados (con identificación do subtipo)
Fórmula	$\left(\frac{\text{Núm. de novos diagnósticos de infección polo VIH caracterizados}}{\text{Núm. de novos diagnósticos de infección polo VIH}}\right) \times 100$
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública
Obxectivo	$\geq 90 \%$

Indicador 1.7 Casos de gonococia con estudo de resistencias

Descrición	Porcentaxe anual de casos de gonococia aos que lles foi realizado un estudo de resistencias antimicrobianas
Fórmula	$\left(\frac{\text{Núm. de casos de gonococia con estudo de resistencias}}{\text{Núm. de casos de gonococia confirmados}}\right) \times 100$
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública
Obxectivo	-

Indicador 1.8 Casos de gonococia con resistencias

Descrición	Porcentaxe anual de casos de gonococia con resistencias aos antimicrobianas
Fórmula	$\left(\frac{\text{Núm. de casos de gonococia con resistencia}}{\text{Núm. de casos de gonococia con estudo de resistencias}}\right) \times 100$
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública
Obxectivo	-

Indicador 1.9	Informe sobre prácticas sexuais con probabilidade de transmisión, actitudes e uso de medidas preventivas no referente ás ITS
Descrición	Inclusión de preguntas sobre prácticas sexuais con probabilidade de transmisión, actitudes e uso de medidas preventivas no referente ás ITS na enquisa do SICRI
Fórmula	-
Periodicidade	-
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública (SICRI), ONG e servizos sociosanitarios
Obxectivo	Unha vez no período de vixencia do plan

EIXE 2. Prevención primaria e promoción da saúde sexual

Indicador 2.1 Mapa de recursos activos en saúde afectiva

Descrición	Elaboración dun mapa de recursos activos en saúde afectiva que recolla a todas as entidades sanitarias e comunitarias relacionadas coa atención da saúde sexual e publicación no apartado de Atopa Saúde do Observatorio de Saúde Pública de Galicia
------------	--

Fórmula	-
---------	---

Periodicidade	-
---------------	---

Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública
-------	----------------------------------

Obxectivo	Mapa creado e publicado no período de vixencia do plan
-----------	--

Indicador 2.2 Día Mundial da Sida

Descrición	Conmemoración anual do Día Mundial da Sida, para dar difusión e visibilidade ao VIH na nosa comunidade
------------	--

Fórmula	-
---------	---

Periodicidade	Anual
---------------	-------

Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública
-------	----------------------------------

Obxectivo	Unha xornada anual
-----------	--------------------

Indicador 2.3 Campañas publicitarias sobre saúde sexual

Descrición	Campaña publicitaria de alto impacto, tanto por medios convencionais como en redes sociais, sobre saúde sexual
------------	--

Fórmula	Número de campañas
---------	--------------------

Periodicidade	-
---------------	---

Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública
-------	----------------------------------

Obxectivo	-
-----------	---

Indicador 2.4 Cobertura de vacinación do VPH en nenos e nenas de 12 anos

Descrición	Porcentaxe de nenos e nenas de 12 anos que foron vacinados fronte ao VPH
Fórmula	$(\text{Núm. de nenos e nenas de 12 anos vacinadas fronte ao VPH nun ano} / \text{Núm. de nenos e nenas de 12 anos nese ano}) * 100$
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública
Obxectivo	$\geq 99 \%$

Indicador 2.5 Vacinación fronte ao mpox en grupos vulnerables

Descrición	Número de persoas dun grupo vulnerable que recibiron unha pauta completa da vacina fronte ao mpox
Fórmula	-
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública
Obxectivo	-

Indicador 2.6 Vacinación fronte ao gonococo en grupos vulnerables

Descrición	Número de persoas dun grupo vulnerable que recibiron unha pauta completa da vacina fronte ao meningococo B para a prevención de gonococo
Fórmula	-
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública
Obxectivo	-

Indicador 2.7 Profilaxe preexposición (PrEP)

Descrición	Número de persoas con risco elevado de exposición ao VIH que solicitan PrEP
Fórmula	-
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria
Obxectivo	-

Indicador 2.8 Material de prevención (preservativos) distribuído

Descrición	Número anual de preservativos distribuídos
Fórmula	-
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública
Obxectivo	-

Indicador 2.9 Paquetes de inxección hixiénica distribuídos en Galicia

Descrición	Número anual de paquetes de inxección hixiénica distribuídos en Galicia
Fórmula	-
Periodicidade	Anual
Fonte	Dirección Xeral de Saúde Pública
Obxectivo	-

Indicador 2.10 Entidades que distribúen material de prevención

Descrición	Número anual de entidades que colaboran na distribución de material de prevención
Fórmula	-
Periodicidade	Anual
